

Cartafol

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Darío Xohán Cabana: Cabalgada na brétema

Patria e morte

Cabalgada na brétema

Darío Xohán Cabana

Galaxia, Vigo, 2006, páxs. 80, 9,50 

O labor literario e a dimensión social de Darío Xohán Cabana non admiten discusión no sistema literario galego, froito da consecución dunha delongada traxectoria, de amplísimas marxes, recoñecida pública e institucionalmente. Narrador, poeta e tradutor prolífico, nunca renunciou á exportación do discurso ideolóxico da esquerda independentista, sobardando a fronteira (interesada) que aínda se tenta situar entre o cultural e o político. *Cabalgada na brétema* constitúe o último elo dunha produción literaria consagrada á reconstrución do imaxinario cultural galego e á (re)configuración simbólica de Galiza en termos emancipadores. Doce anos despois de *Canta de cerca a morte* (1994), este poemario vén confirmar algunhas das mudanzas temáticas que nese libro se introducían: a inexorabilidade do paso do tempo e a estarrecedora consciencia da morte (que non da derrota).

- 13:38 16/10/2006

A obra poética de Darío Xohán Cabana é representativa dunha liña de arrecendo clásico, que parte dunha *etnopoética* baseada no recoñecemento da clase traballadora e na reivindicación da dignidade do modo de vida do medio rural, ameazado de morte e revestido de transcendencia ontolóxica (ao seu carón poden citarse nomes coma os de Anxo Angueira e Emilio Araújo, poetas dos que ninguén fala). *Cabalgada na brétema* divídese en dúas partes. A primeira delas, que dá nome ao libro, é en conxunto un relato poético no que a épica anega o familiar, o mítico e o ontolóxico, e no que a voz contundente e luminosa de entregas anteriores decae e vira desgastada, luída, portadora de presentimentos.

Introdúcese sen disimulo o biográfico como dimensión evocadora (véxase o poema "Biografía") e o mito oriéntase agora cara á asunción momentánea da derrota comunal ("Mulleres e homes e nenos / levan cadeas nos pulsos. / O rei sente un frío de ferro nos ósos dos pulsos. / Un arreguizo de terror percórrelle os tútanos. / Ben coñezo as antigas cadeas. / Mil anos non bastan pra que un soño florezca, / pra que naza e non morra unha flor que se chama verdade.", p. 22). O paso do tempo, condición do camiño cara á morte, resístese na intrahistoria do pobo e o poeta magnifica o que permanece e láíase dunha perda incesante.

"De rerum natura", a segunda parte, presenta unha voz máis diversa, sen a fásquía de unidade que xebra a primeira. Sen abandonar a dimensión épica, neste segundo conxunto de poemas convive o mítico co inmediatamente real ("Pero os lobos / e as outras animallas que habitaban / daquela a nosa terra, / non vían

máis ca gris e negro. / O mesmo que nós hoxe vemos o mar: gris de parruma, / negro de chapapote.", p. 55), e mais coa reivindicación antropolóxica do rural simbolizada na lingua ("Acábanse as palabras / e acábase o meu mundo", p. 61) ou coa aparición da voz elexíaca en clave nacional ("You shall overcome", p. 63). Pecha o libro "Laudes rerum", poema longo que consolida as proxeccións ideolóxicas e vitais que percorren a obra.

As mudanzas no ton e no discurso reclaman necesariamente mudanzas nas escollas formais, sempre portadoras dunha dimensión de significado en si propias. Se na produción poética anterior Darío Xohán Cabana manexou case exclusivamente os metros clásicos, e con especial fecundidade o soneto, *Cabalgada na brétema* supón máis unha viraxe neste aspecto. O verso libre axéitase quer ao ton narrativo da primeira parte e a esa voz decaída, quer á polifonía da segunda, e déixase recaer o discurso na consecución fluída dun ritmo axeitado con frecuencia a unha cadencia sentenciosa. Exponse sempre unha voz grave, ora firme ora melancólica, na que se perciben sedimentadas a memoria de clase, a reivindicación patriótica, o afrontamento da morte.

[mércao en Andel](#)